


DEFENDEMOS O MEDIO AMBIENTE



un mundo
en tus manos



UNIDADE DIDÁCTICA: 5 A 8 ANOS

OBXECTIVOS:

1. Tomar conciencia do valor que teñen os elementos da natureza e do planeta.
2. Comprender o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.
3. Realizar unha acción de coidado do medio ambiente que poidamos compartir co resto do entorno educativo e comunitario.

MATERIAIS:

- Vasos compostabeis
- Terra e sementes
- Papel reciclado
- Lápicos.

MIRAMOS A IMAXE:

Miramos co grupo o cartel que decora a portada desta unidade didáctica. ¿Que vemos?

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Comezamos a actividade preguntando ao grupo sobre que lles gusta máis do medio ambiente:

- ¿Que tesouros creedes que podemos atopar nel? Especies, animais, árbores, bosques, prantas, etc.
- ¿Que é o que máis vos chama a atención? Por que?

Tras esta choiva de ideas, leemos unha historia sobre algúns dos tesouros que ten o noso planeta Terra, titulada “**A viaxe de Mek**”

“Mek era pequena, case invisible e aquela mañá descansaba na rama dunha árbore, cando unha ráfaga forte de vento a apartou e a levou polo ceo.

Alí nas alturas encontrouse cun grupo de cegoñas e preguntouse: ¿acaso serei unha cegoñas? Pero o impulso do vento levou a Mek a outra dirección diferente ao que levaban as cegoñas.

Chegou a un bosque frondoso cheo de árbores, sobrevoou o canle dun desbordante río e Mek preguntouse: ¿Serei auga? Pero novamente, o vento levouna a outro lugar.

Mek chegou ao árido deserto, alí non había auga, apenas había prantas, e mirando as dunas preguntouse: ¿acaso serei un gran de area?

O vento afastouna de alí, levouna por altas montañas onde facía moito frío, e empezou a nevar. Admirada, Mek preguntouse: ¿acaso serei un copo de neve?

Sen embargo non podía parar, e unha nova ráfaga levouna hasta a cidade gris. A Mek resultáballe fea e pouco amigable aquela cidade. Apunto estivo de meterse nun túnel escuro, era a boca do metro. ¡Vaia susto!

Afortunadamente Mek afastouse de alí hasta un gran xardín onde había moitas flores e bolboretas, e preguntouse: ¿Acaso serei unha bolboreta?

Pero o vento, insistente, levouna polas alturas, ao inmenso ceo azul. Ao pouco tempo encheuse de grandes nubes escuras e comezou a chover. De pronto Mek viuse atrapada nunha xira de choiva que dende o ceo foi baixando a gran velocidade. Baixaba, baixaba, baixaba... ata que impactou na terra e somerxeuse moitos centímetros baixo a superficie do solo.

Mek, non se podía mover, non podía saír de alí, estaba rodeada de terra e escuridade. Tiña medo e pensou en todo aquilo no que puido ser: Cegoña, auga, gran de area, copo de neve ou bolboreta. Pero agora estaba alí atrapada. Comezou a chorar. Nese momento, a terra, a quen as bagoas a mollaban, díxolle:

- Non te preocupes, Mek. Eu estou aquí para protexerte e tamén para alimentarche- e abrazouna cos seus brazos de terra.

A escuridade que estaba escoitando díxolle coa súa voz grave:

- Mek, é normal que poida darche un pouco de medo, pero eu tamén te vou coidar. Confía en min. E tamén a abrazou. Baixo o brazo da terra e da escuridade, Mek, foise relaxando e pouco a pouco, caendo nun profundo, profundo sono.

Ao cabo do tempo, Mek espertou, esperando que o vento a levara a outro lugar. Pero non se movía, nin podía voar polos aires. ¿ Por que ?, preguntábase. Pouco a pouco, empezou a darse conta de que notaba o vento, e xa non estaba a escuras, senón que sentía o sol e podía ver o campo que a rodeaba.

Nese momento viu que un paxaro revoloteaba sobre ela, como si lle fixera caricias, e outros animais mirábana admirados. As árbores tamén a miraban e parecían estar dándolle a benvida. Nese momento Mek, deuse de conta de que se transformara nun pequeno arbusto que co tempo e co paso das estacións acabaría sendo unha árbore. Foi así como Mek encontrou o seu fogar formando parte daquel gran bosque”

Tras a lectura do conto, respondemos as seguintes preguntas:

- ¿Que era Mek?
- ¿ Con que criaturas y paisaxes se vai encontrando?
- Hai un momento do conto no que Mek ten medo, ¿de que?
- ¿ Quen lle da un abrazo?
- E cando esperta, ¿ en que se converteu?
- ¿ Que cousas creedes que aprendeu Mek durante a viaxe?
- A terra abrazouna e coidou de Mek para que crecese, ¿ creedes que nos coidamos do planeta? ¿ creedes que algunha vez non a tratamos ben?
- ¿Como podes ti coidar o planeta e todo o que nos rodea?

A IGUALDADE ESTÁ NAS NOSAS MANS, ¿ POR ONDE COMEZAMOS?

Despois de recoller algunhas das súas ideas de como podemos coidar do planeta, a persoa dinamizadora propoñerá ao grupo que, para coidar a Terra, e tamén para coidar a nos que vivimos nela, vamos realizar unha acción: ¡ **vamos a sementar sementes parecidas a Mek!** En vasos compostabeis ou pequenos canteiros, levarase a actividade a un espazo onde o grupo poida plantar unha semente por persoa, as cales regarán e coidarán para observar como xerminan e crecen. Para deixar **unha mensaxe que anime a outras persoas a sementar, coidar e protexer o medio ambiente, cada participante pode escribir un compromiso ou**

desexo nun papel reciclado pequeno e plantalo xunto a semente para cumprilo. Unha vez as sementes crezan, pódese suxerir as nenas e nenos que compartan co resto dos grupos ou ca comunidade o compromiso que teñen con Mek, coa Terra e co noso entorno natural. Solo desta forma poderemos **convivir con coidado e igualdade entre todas as persoas e os seres vivos.**

CRÉDITOS

Coordinación: Clara Maeztu y Veda Krüger.

Autoría: Encarna Durán y Davinia De Ramón.

Colaboración: Alberto Medina, Raquel Llanos, Javiera Oñate e Raquel Alonso.

Dirección de Arte e Deseño Gráfico: Maribel Vázquez.

Edita: Fundación Entreculturas.



un mundo
en tus manos

